

Álvaro Santos manifesta a súa preocupación polo cumprimento das obrigas municipais en materia de seguridade e saúde laboral

Estas declaracións responden ao accidente laboral que sufriu onte un operario municipal na execución das obras do Club Fluvial

Ante estes feitos, o socialista ven de solicitar ao concello que emita un informe urxente sobre o cumprimento das obrigas municipais e requisitos de seguridade, se o empregado contaba co material e o equipo de prevención axeitado e, así mesmo, coñecer en que circunstancias tivo lugar o accidente. No caso de detectar algún incumprimento, o concelleiro anunciou que “esixiremos as responsabilidades municipais pertinentes”

FRIOL, 22 DE ABRIL DE 2015.- O candidato á alcaldía do PSOE -Álvaro Santos- manifestou hoxe a súa preocupación polo cumprimento das obrigas municipais en materia de seguridade e saúde laboral por parte do concello. Estas declaracións responden ao accidente laboral que sufriu onte un operario municipal na execución das obras do Club Fluvial.

Ante estes feitos, o socialista ven de solicitar ao concello que emita un informe urxente sobre o cumprimento das obrigas municipais e requisitos de seguridade, se o empregado contaba co material e o equipo de prevención axeitado e, así mesmo, coñecer en que circunstancias tivo lugar o accidente. No caso de detectar algún incumprimento, o concelleiro anunciou que “esixiremos as responsabilidades municipais pertinentes”.

A preocupación de Álvaro Santos é a de garantir e cumprir coa prevención da saúde e riscos laborais dos traballadores, aplicando as medidas preventivas de inexcusable cumprimento por parte do concello, “xa que no é a primeira vez que un operario sofre un accidente laboral no eido municipal”, lembra.

Por outra banda o concelleiro quixo manifestar, no seu nome e no de todos os socialistas de Friol, o seu desexo de pronta recuperación para o traballador accidentado.